



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE BAIONA PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS EN MATERIA DE URBANISMO.

Santiago de Compostela, a 17 de marzo de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. _____, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, facultada para a formalización deste convenio pola Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Pola outra parte, don _____, Alcalde-Presidente do Concello de Baiona, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste Convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

I.- O Concello de Baiona (Pontevedra) promoveu no ano 2008 un Concurso de Ideas para a futura a humanización da travesía interior de Sabarís, dende a rotonda de Ponte Romano ata a rotonda “curva do manco” no Concello de Baiona a executar en tres fases: Fase 1, rúa Julián Valverde, Fase 2 Praza Victoria Cadaval e fase 3, correspondente á rúa Porta do Sol e Areas, concurso que culminou na Acta de conclusións do Xurado e posterior anteproxecto.

A parroquia de Santa Cristina da Ramallosa é un asentamento de carácter urbano pertencente ao concello de Baiona. Emprázase entre a desembocadura do río Miñor e o núcleo urbano de Baiona, (con presenza de múltiples edificacións pertencentes ao Conxunto Histórico Artístico de Baiona, que foi declarado como tal e delimitado polo Decreto 48/1993, do 25 de febreiro, polo que se declara ben de interese cultural con categoría de conxunto histórico-artístico a zona antiga de Baiona) ao longo dun importante tramo do perímetro costeiro deste concello, na ría de Vigo.

Trala execución da primeira fase da humanización da travesía interior de Sabarís o Concello de Baiona pretende executar as obras correspondentes a parte da terceira fase, concretamente no tramo da **rúa Areas que vai dende a glorieta Santos Peralba ata o cruce coa Avenida da Praia Ladeira** cun ámbito de actuación de 5.825,95 metros cadrados de superficie dada a necesidade de intervención urxente nesa zona por causa das deficiencias existentes nas rede de saneamento, pluviais e fecais, en aras da protección no medio ambiente, salubridade pública, á vez que se propón a creación dun espazo de calidade para os veciños de Sabarís cos seguintes obxectivos:



XUNTA DE GALICIA

- O plano horizontal que conforma a rúa, entenderase como unha fachada mais da forma urbana e estrutúrase nunha serie de bandas que se resolven cunha materialidade concreta para cada unha delas.
- Obtención dunha comunicación peonil no cruce da rúa Areas coa Avenida da Praia Ladeira, coa finalidade de crear unha conexión segura coa praia dende o tecido urbano.
- Reordenación do tráfico rodado e peonil a un só nivel, coa eliminación de barreiras arquitectónicas, creando unha banda de circulación nun só sentido de circulación e outra banda funcional, que aloxará todo o paquete de equipamentos urbanos que se estima preciso na beirarrúa e aparcamento nun marxe no sentido para a circulación. O resto da sección de rúa estrutúrase como unha plataforma peonil na que se incorporan novos elementos de mobiliario urbano, bancos, arbolado, iluminación e xardinería.

Deste xeito as accións de intervención mais destacadas que se prevén son, para o orzamento estimado, as seguintes:

- Acondicionamento previo.
- Movemento de terras.
- Pavimentos
- Instalacións urbanas
- Soterramento de LMT e telefonía.
- Xardinería e mobiliario urbano

II.- Con data 4 de xuño de 2014, modificado pola ADDENDA 1, asinouse un convenio entre a extinta *Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas* cuxo obxecto era o de “acometer e incorporar ó patrimonio público municipal as obras consistentes na **“Actuación na rúa Areas, dende a glorieta Santos Peralba ata o cruce coa Avenida da Praia Ladeira”** enmarcado na Fase III do concurso de ideas “Humanización da travesía interior de Sabarís”. A vixencia deste acordo anterior finalizaba o 31 de decembro de 2015.

III.- No cumprimento das obrigas asumidas no acordo citado, os departamentos da Xunta de Galicia realizaron os correspondentes trámites, segundo as obrigas asumidas, ata adxudicar os contratos de execución de obra e de dirección, mais o de dirección de execución das mesmas.

IV.- Non obstante, durante a execución de obra, xurdiron diversas circunstancias de tipo técnico que motivaron un retraso considerable na execución de obra. Isto implica que os prazos inicialmente previstos teñan que ser obxecto de ampliación.



XUNTA DE GALICIA

V.- O orzamento total para a execución das obras e das instalacións ascende, segundo as previsións establecidas, a 783.145,71 euros, -incluíndo os honorarios de redacción de proxectos, dirección de obra e previsións legais de liquidación. Da antedita cantidade, 501.645,71 € xa se atopan executados. A cantidade restante, é dicir, 281.500,00 euros correspóndese co importe que precede asumir no presente acordo, e que figuran nos orzamentos xerais para o ano 2016.

VI.- Con todo isto e tendo en conta; os acordo xa citado, o feito de que as dotacións -obxecto do acordo anterior e do presente convenio- constitúen un equipamento necesario para o Concello de Baiona e a concorrencia dos obxectivos de ámbalas dúas administracións asinantes para dar solución ás carencias de equipamento citadas, aconsella a subscripción deste acordo, para levar a efecto as actuacións necesarias para o remate das obras e a súa posta a disposición do uso público.

VII.- Nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acomete-la actuación. Competencia que está contemplada no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro “*A realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial*”, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería.

VIII.- Polo exposto, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, no exercicio das súas competencias, e o Concello de Baiona, no exercicio das que lle atribúe a súa lexislación específica, manifestan a súa vontade de formalizar unha colaboración, para aborda-la execución das obras citadas, a través dun Convenio que se estrutura nas seguintes

CLÁUSULAS

CLÁUSULA PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente Convenio é establece-las bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Baiona que permitan acometer e incorporar ó patrimonio público municipal as obras consistentes na “**Actuación na rúa Areas, dende a glorieta Santos Peralba ata o cruce coa Avenida da Praia Ladeira**” enmarcado na Fase III do concurso de ideas “Humanización da travesía interior de Sabarís -Baiona” promovido polo Concello e posterior anteproxecto redactado ó efecto.

CLÁUSULA SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Baiona comprométese a:

1.- Manter as obrigas asumidas, para a actuación citada, na cláusula segunda do Convenio asinado o 4 de xuño de 2015, modificado por addenda de 21 de xullo de 2015, que se reproducen a continuación facendo



XUNTA DE GALICIA

referencia a Consellería de Medio Ambiente de Ordenación do Territorio en lugar da extinta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

“1.- Poñer a disposición da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas os terreos necesarios, libres de carga e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ó ser o Concello o titular das mesmas.

2.-Prestar aprobación ao proxecto técnico realizado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas nun prazo máximo de 15 días, dende que para o cumprimento do obxecto do presente convenio, lle sexa requirido e con todos os informes que, pola súa parte, resulten precisos para a contratación das obras. Noutro caso, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos no presente Acordo, sen mais trámites que a comunicación ó concello.

3.- Asumir, unha vez realizadas as obras e logo da comunicación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a explotación e conservación das mesmas.

4.- Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar ó órgano de contratación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, os compromisos a que fan referencia os apartados 1, 2 e 3 anteriores.

5.- O concello, como trámite previo á licitación das obras, aportará a oportuna certificación xustificativa da dispoñibilidade dos terreos, nos termos do apartado 1 precedente.”

CLÁUSULA TERCEIRA. COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, asume os seguintes compromisos:

1.- Financia-la execución das obras segundo as prescricións do proxecto, destinando para isto, a cargo á aplicación 07.02.521A 607.1, ata douscentos oitenta e un mil cincocentos euros (281.500,00 €) dos orzamentos de 2016.

2.- Levar a cabo, as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados e formalizar os actos de Recepción de conformidade co estipulado no artigo 235 da LCSP.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de proxectos modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que as construcións merezan a plena conformidade da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por haberse producido o acto formal de Recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ó Concello de Baiona para a súa incorporación ao servizo e uso público.



XUNTA DE GALICIA

3.- Encargarse, así mesmo, de levar a cabo as actuacións oportunas, polo procedemento que considere mais axeitado, para a redacción dos proxectos de execución de obra e demais documentos técnicos necesarios para realizar a actuación descrita na cláusula primeira.

4.- Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do territorio, esta poñerá en coñecemento do concello de Baiona, entendéndose que tal comunicación determina o nacemento da obriga asumida polo concello na cláusula segunda 3) precedente, sen prexuízo da posterior formalización da correspondente acta de entrega.

CLÁUSULA CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o impulso e seguimento das accións establecidas no presente Convenio, crease unha Comisión, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente acordo. Formarán parte pola consellería, a persoa titular da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ou persoa en quen delegue, a persoa titular do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos; o concello estará representado polo Alcalde ou persoa en quen delegue e o concelleiro responsable de obras e/ou infraestruturas.

CLÁUSULA QUINTA.- INTERPRETACIÓN E NATUREZA

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, poñendo así fin á vía administrativa.

2.- O presente Convenio ten natureza administrativa e tramítase ao abeiro do decreto 246/1992 de 30 de xullo. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.

O presente Convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ó acordado en todas as estipulacións, aplicándose os principios do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan presentarse (artigo 4.2).

CLÁUSULA SEXTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do convenio:

a) O cumprimento do seu obxecto

b) O incumprimento de calquera das cláusulas.

c) A inviabilidade da realización das actuacións descritas no mesmo por causas non imputables ás partes.



XUNTA DE GALICIA

d) O incumprimento de carácter temporal ou parcial de calquera das cláusulas do mesmo. Entenderase por incumprimento parcial, aquel que implique en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto o desenvolvemento das actuacións previstas.

e) A denuncia, por calquera das partes, por razóns de interese público.

CLÁUSULA SÉTIMA.- VIXENCIA

A vixencia do presente Convenio esténdese ata o 31 de decembro de 2016. Non obstante manterase ata a entrega das obras ó concello de Baiona nos termos establecidos na cláusula terceira. Así mesmo, seguirá producindo efectos en tanto non se liquiden as obrigas que puideran quedar pendentes.

E en proba de conformidade asinan o presente documento por triplicado exemplar no lugar e data do encabezamento.

POLA XUNTA DE GALICIA

A Conselleira de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio

POLO CONCELLO DE BAIONA

O Alcalde